

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS
PERMANENTES DO DÍA 24 DE XUÑO DE 2008

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e catro de xuño de 2008, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Asistentes:

- Presidente: Don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.

Non asiste, con escusa, don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Mª Irache Enríquez Albaina, interventora municipal.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE.
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.

Non asiste, con escusa, don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE.
- Dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.

Non asiste, con escusa, don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Faise constar que asisten, ademais, os seguintes membros dos grupos municipais: dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, dona María Jesús González Roel, dona M^a Jesús Vieites Mariñas e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; e dona Laura Fernández Martínez, do BNG.

Asiste, como secretaria, dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria da corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR, FACENDA

E PROMOCIÓN ECONÓMICA

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 12 de maio, sesión ordinaria do día 27 de maio, e sesión extraordinaria do día 3 de xuño de 2008

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 12 de maio, sesión ordinaria do día 27 de maio, e sesión extraordinaria do día 3 de xuño de 2008.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

2º Proposta de aprobación do expediente de modificación de créditos n.º 2/2008, de suplemento de crédito e crédito extraordinario

Polo concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego faise un breve resumo da proposta de data 16 de xuño actual, que somete á consideración do pleno.

Expón que, despois dunha rolda de conversacións, traen un expediente de consenso, con tres investimentos, un en saneamento, outro para a Escola de Música e outro para as bancadas do campo de fútbol de Cambre, e os convenios habituais dentro da vida social de Cambre.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, manifesta que para contar co voto favorable do BNG, deben incluírse dous asuntos.

En canto ao convenio con Sementeira, habería que igualar o equilibrio entre gastos e ingresos da entidade, pois a eses 45.000 euros que figuran no expediente de suplemento de crédito, unha vez se lle resten os do exercicio anterior, van quedar pouco máis de 35.000, polo que deberían manterse os 45.000 euros para o exercicio 2008.

Por outro lado, botan en falta un convenio asinado con APEM, e piden que se inclúan 6.000 euros para que poidan cobrar o 2007 e 2008.

Conclúe dicindo que se se aceptan as dúas propostas votan a prol, non obstante, se non se aceptan, non votarán en contra, senón que se absterán.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, pregunta por que se reduce o convenio cos empresarios do polígono de Espíritu Santo, onde se consignaron 15.000 euros.

O Sr. Salcines contesta que é un erro, e que se engaden 3.000 euros, polo que a partida do convenio cos empresarios do polígono de Espíritu Santo quedará en 18.000 euros.

En canto ao convenio con Sementeira, propón incrementar a partida en 7.200 euros, co que quedaría en 52.200 euros.

Polo que se refire ao convenio con APEM, acéptase incluír 6.000 euros.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, manifesta a súa conformidade coa proposta do Sr. Salcines.

Dona Carmen Tato Lago, concelleira delegada de Asuntos Sociais, Igualdade e Sanidade, expón que, nun principio, as directrices que se tiñan dado era que había que rebaixar as partidas en todas as áreas, polo que pediu un informe e eran oito as persoas afectadas polo convenio con APEM, polo que considerou que debía rebaixarse esa partida. Non obstante, volveuse falar, e incluíuse de novo.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que hai que apertar o cinto nalgúnhas partidas, pero en Servizos Sociais deberían incrementarse.

A comisión, en votación ordinaria, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, acordou ditaminar favorablemente a proposta presentada coas modificacións propostas de inclusión de APEM e incrementos a Sementeira e empresarios do polígono de Espírito Santo, polo que eleva ao pleno da corporación a seguinte proposta de acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente de **suplemento de crédito e crédito extraordinario** número 2/2008 por importe de 668.859,86 euros nas partidas orzamentarias seguintes:

Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Suplemento de crédito	Crédito definitivo
300.441.611	Investimentos en saneamiento e abastecemento	485.798,68	100.200,00	585.998,68
400.451.622	Investimentos en edificios culturais	52.000,00	230.551,54	282.551,54
101.452.622	Investimentos en instalacións deportivas	35.000,00	156.260,56	191.260,56
	Subtotal	572.798,68	487.012,10	1.059.810,78
Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Crédito extraordinario	Crédito definitivo
401.313B.48000	A.P.E.M	0,00	6.000,00	6.000,00
403.422.420	Convenio con UNED	0,00	3.000,00	3.000,00
400.451.48901	Escola de Baile Sementeira	0,00	52.200,00	52.200,00
400.451.48902	Fundación Wenceslao Fernández Flórez	0,00	9.000,00	9.000,00
400.451.48903	Convenio A Xuventude de Cecebre	0,00	1.601,76	1.601,76
400.451.48904	Colaboración Premios Blanco Amor	0,00	360,00	360,00
101.452.48901	Club Ciclista Cambre	0,00	27.606,00	27.606,00
101.452.48904	Convenio delegación fútbol sala Cambre	0,00	5.200,00	5.200,00
101.452.48905	Convenio agrupación polideportiva: baloncesto	0,00	13.760,00	13.760,00
101.452.48906	Convenio asociacións clubs de fútbol	0,00	28.000,00	28.000,00
101.452.48907	Convenio Béisbol Cambre	0,00	2.120,00	2.120,00
400.721.47001	Convenio Act. Promoción Empresarial Feira Cambre	0,00	12.000,00	12.000,00
400.721.47002	Convenio Act. Promoción Empresarial Feira Temple	0,00	6.000,00	6.000,00
400.721.47003	Convenio Empresarios Polígono Espírito Santo	0,00	18.000,00	18.000,00
	Subtotal		184.847,76	184.847,76
	Total		671.859,86	

Nas que as partidas orzamentarias de investimentos corresponden aos seguintes proxectos:

Partida	Proxecto		Importe
400.451.622	05-2-451000	Escola de Música	230.551,54
101.452.622	04-2-452000	Campo de fútbol de herba sintética	156.260,56
300.441.611	08-2-441002	Saneamento na Cuesta da Tapia	100.200,00
		Total	487.012,10

A devandita modificación financiarase con cargo ao **remanente líquido de tesourería**.

Remanente de Tesourería para gastos xerais total resultante da liquidación de 2007	2.241.012,55
Disposto no expediente de incorporación de remanentes 1/2008	890.709,27
Disposto neste expediente	671.859,86
Cantidade de remanente sobrante	678.443,42

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efetuar as reclamacións que consideren oportunas.

Dada a urxencia en dispoñer dos créditos, o expediente considérase inmediatamente executivo unha vez aprobado polo Pleno, sen prexuízo das reclamacións que procedan.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

3º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 7.843 o 21 de xuño actual.

1º Rogamos se nos informe de cada un dos cursos que realizaron a cargo dos orzamentos municipais os funcionarios de carreira ou persoal laboral dependente do concello durante os anos 2003 a 2008, ambos incluídos, en especial de cal foi o importe de cada un deles.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que, ante a imposibilidade material de facer unha relación completa, fixéronse unha copias dos documentos contables e entrégalles aos voceiros dos grupos municipais.

2º O muro que separa o Parque da Igrexa e o auditorio co terreo de propiedade privada lindeiro atópase case en ruínas, polo que existe un gran risco de que se derrube, sobre todo na parte máis próxima ao bloque de edificios. Ante a preocupación dos veciños solicitamos ao equipo de goberno que nos informe se ten coñecemento desta situación e se fixo algo para solucionalo.

O Sr. alcalde contesta que o 8 de febreiro mandouse un escrito ao Consello de Cultura explicando o estado do muro, e o 9 de maio deron a autorización. Probablemente se colocará un valo metálico.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 7850 o 21 de xuño actual.

1ª O BNG ten formuladas varias solicitudes de información ao goberno municipal. No último mes presentamos dúas sobre os movementos bancarios nas contas municipais e, sobre a situación e cronograma de traballo na obra da Escola Municipal de Música.

Cando van contestar a estas preguntas?

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que é unha pregunta xeneralista, e aínda que ten o dereito de fiscalizar, suporía bloquear a Tesourería municipal, onde actualmente traballan tres persoas e dúas están de baixa. Engade que a tesoureira chegou hai pouco, e ao pouco tempo de chegar, a tesoureira accidental colleu unha baixa e deixou sen apoio técnico á nova tesoureira, polo que esta dixo que non pode contestar en pouco tempo. Por iso, conclúe, se queren algo puntual poden dárllelo agora mesmo, pero fotocopiar todo suporía paralizar o traballo da tesoureira. Deberían agardar a que se incorpore da súa baixa algúns dos traballadores.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o pediron o 5 de xuño e agora estamos a 24, polo que parece tempo suficiente. Non obstante, piden simplemente unha copia dos extractos, polo que non creen que sexa tanto traballo.

Conclúe dicindo que el ten a obriga de fiscalizar e o Sr. Salcines saberá cal é a súa. Non queren saber nada en concreto, senón que queren ver todos os movementos bancarios das contas do concello.

O Sr. Salcines responde que fotocopiar centos de documentos non é tan sinxelo, pero dirállelo á tesoureira para que cando teña tempo o faga.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo pregunta neste momento polo estado do expediente da Escola de Música.

O Sr. alcalde contesta que o arquitecto deulle un plan de obra. Cren que finalizará máis ou menos a primeiros de agosto. Facilitarállelo o día do pleno.

2ª Cando teñen pensado dotar de medios de traballo as oficinas destinadas aos grupos municipais?

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que o comentou na última xunta de voceiros, ante unha pregunta do Sr. Taibo, e dá lectura a un informe emitido no día de hoxe polo responsable informático, onde fai constar as necesidades existentes: non hai papeleiras, colgadoiro, archivadores, non hai mesa nin cadeiras na sala de reunións, etc., e conclúe dicindo que cubrirán estas deficiencias á maior brevidade posible.

Neste momento don José Antonio Baamonde López, do PP, pregunta se o ordenador que estaba utilizando o BNG con conexión a internet o seguen utilizando na actualidade.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que lle contestará cando estea no goberno.

Don José Antonio Baamonde López pídlle que conteste por escrito, á maior brevidade posible, se o devolveu, sinxelamente iso.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 21 de maio, e sesión ordinaria do día 27 de maio de 2008

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 21 de maio, e sesión ordinaria do día 27 de maio de 2008.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade

dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

2º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 7844 o día 21 de xuño actual.

1º No camiño que une O Souto con Enxertos, na parroquia de Sigrás, os vehículos pesados non teñen ningún lugar onde dar a volta, polo que cando entran atópanse con que teñen que realizar numerosas manobras para saír marcha atrás. Ante o risco que provoca esta situación rogamos se instale un sinal de prohibido o paso a vehículos pesados nese camiño.

O Sr. alcalde contesta que llo pasará á Policía.

2º Rogamos se instalen suxeicións en todos os contedores do concello debido ao risco que supón para os vehículos que estes se movan cando hai vento.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que xa se está facendo, pero van remitilo ao Consorcio.

O Sr. alcalde pide aos concelleiros que se saben de contedores onde falten que o comuniquen, pois a semana pasada, nunha reunión que tiveron no Consorcio, quedaron en enviar para o mes de xullo unha relación das necesidades.

3º O autobús interparroquial non funciona os fins de semana polo que moitos veciños teñen dificultades para desprazarse por exemplo á feira de Cambre cando coincide domingo ou á pasada feira de comerciantes. Rogamos ao equipo de goberno que inicie as actuacións necesarias para dotar ao Concello de Cambre deste servizo os fins de semana.

O Sr. alcalde contesta que hai un convenio asinado con Asicasa segundo o cal o transporte se fai de luns a venres, polo que habería que estudalo para ver o que custa e falar tamén coa Dirección Xeral de Transportes.

4º Numerosos farois do anfiteatro de Cambre atópanse rotos, sen luz ou incluso cos cables soltos. Rogamos ao equipo de goberno que arranxe os farois á maior brevidade posible.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que están pedidos os farois fai tres semanas, pero polo problema da folga atrasouse.

Rogos do EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 7848 o 21 de xuño de 2008.

1º A estrada CP-1706 do Temple a Cambre, conta cun intenso tráfico rodado, soportando unha elevada taxa de accidentes nalgún caso de considerable gravidade con tráxicas consecuencias, sobre todo preto do casco urbano de Cambre onde non existen apenas lugares debidamente sinalizados para poder cruzar os peóns, que se ven sometidos diariamente ao saír das súas casas, a un perigo constante ao ter que atravesar a mencionada estrada. Ante esta necesidade cómpre pois, reconducir a situación mediante medidas que poden ser postas en práctica de inmediato, contando ademais co clamoroso apoio veciñal.

Pregamos ao goberno local que coa maior urxencia realice as xestións correspondentes para dotar de pasos de peóns a mencionada estrada nos lugares de acceso aos núcleos de poboación de Amil.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que se remitiu un escrito á Deputación pedindo o permiso, xunto cun estudo feito pola Policía Local.

2º Na beirarrúa existentes na estrada de Cambre ao Temple, a vexetación procedente dos terreos lindantes invade parte do espazo, impedindo circular con seguridade ás persoas que diariamente a utilizan.

Pregamos se dean as ordes precisas para corrixir esta deficiencia.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que son terreos privados. Comunicarase aos propietarios que deben limpalos e se non o fan farao o concello á súa costa.

3º O noso grupo municipal quere reiterar unha vez máis os problemas derivados da mala instalación dos contedores de lixo, creando dificultades de visibilidade, tanto para peóns como condutores de vehículos, ocupando en moitos casos a vía pública.

Pregamos se leve a cabo con urxencia unha colocación máis axeitada e menos perigosa.

Que na construción de novas beirarrúas se acondicione un espazo especial para colocar os contedores de lixo.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que no centro de Cambre quitáronse do paso de peóns e nas beirarrúas estanse habilitando unhas zonas, pero se é unha senda hai que colocalos na senda, pois teñen que estar na vía pública.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 7850 o 21 de xuño actual.

1^a O pleno ordinario de maio aprobou por unanimidade unha serie de acordos tendentes a evitar as talas forestais no noso concello. Pasado un mes da dita aprobación, solicitamos que se informe sobre as medidas que se puxeron en marcha en relación cos ditos acordos.

O Sr. alcalde contesta que Fernando Garrido estaba preparando un informe ao respecto, pero agora está de vacacións. Non obstante, pediuse ao encargado de obras e á Policía que reforcen a vixilancia e o control.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que ademais hai outra cuestión importante. Consideraban que era necesario que fora público e notorio a oposición municipal a estas prácticas, polo que pediron que se fixera un bando e non se fixo nada.

O Sr. alcalde contesta que o fará Fernando Garrido cando se incorpore.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que non é tan complicado facelo.

O Sr. alcalde conclúe que se intentará facer esta semana.

2^a O pleno ordinario de maio aprobou por unanimidade unha serie de acordos en relación coas obras ilegais que se están a producir no contorno do río Mero. Pasado un mes da dita aprobación, solicitamos que se informe sobre as medidas que se puxeron en marcha en relación cos ditos acordos.

O Sr. alcalde contesta que os expedientes os ten Fernando Garrido e a maior parte están en trámite. Se os ten para o xoves, farállelos chegar.

3^a A Consellería de Vivenda e Solo ten en marcha unha convocatoria de subvencións aos concellos para colaborar na eliminación da infra-vivenda rural e mellorar as súas condicións estéticas e de habitabilidade.

Vai participar Cambre neste programa e, de ser así, cales son as accións que se están a realizar?

Dona Carmen Tato Lago contesta que dende Servizos Sociais propúxose a valoración de seis vivendas, pois reúnen os requisitos. Unha vez que faláron cos interesados, catro néganse a que se tramiten os expedientes, polo que neste momento xa están en trámite dúas solicitudes, unha en Pravio e outra en Meixigo, e segundo o informe do arquitecto técnico municipal, o custo é de 26.000 euros.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 7848 o 21 de xuño actual.

1ª En que situación se encontra o proxecto de ampliación, e mellora da variante do trazado da estrada 1703, de Espírito Santo a Fraiz, na parroquia de Cecebre?

O Sr. alcalde contesta que hai que expropiar máis, e están facendo unha valoración dos terreos. Se chegan a un xustiprezo pola mesma cantidade, farano inmediatamente.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, pregunta pola comisión que se ía crear.

O Sr.alcalde contesta que se descoñece o que se vai a coller, polo que, mentres non veña o proxecto non se van a reunir.

2ª A Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, presentou unha denuncia nos xulgados da Coruña para que abran unha investigación para tratar de esclarecer quen son os causantes dos vertidos á ría do Burgo. O ministerio público solicitará aos concellos afectados informes sobre a situación actual e sobre os controis que realizan para evitar a contaminación.

Ante esta nova o noso grupo pregunta:

Estanse a realizar algún tipo de estudo ou control medioambiental do estado da ría por parte do Concello de Cambre e de ser así cales foron os seus resultados?

A día de hoxe, foi requirido algún tipo de informe ao concello por parte da fiscalía?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín entrega no mesmo acto aos voceiros, a documentación que se foi remitindo.

3ª A Ordenanza municipal sobre limpeza viaria e ornato público do concello, puntualiza claramente nos seus artigos 12, 13 e 14 sobre os problemas ocasionados polos vehículos de transporte, así como a súa carga e descarga en obras na vía pública.

Entre outras cousas di:

“Así mesmo, antes de saír das obras, graveras, etc., terán que lavarse os baixos e rodas dos vehículos para impedir que ensucien as vías públicas, mediante calquera sistema de lavado, puidendo os servizos técnicos municipais esixir o uso doutro sistema que se considere máis efectivo.

Finalizadas as operacións de carga, descarga, saída ou entrada a obras, almacéns, etc., de calquera vehículo que poida producir sucidade na vía pública, o persoal responsable das citadas operacións, e subsidiariamente, os titulares dos establecementos e obras onde se efectuaran e, en último termo, o propietario ou o condutor do vehículo, limparán a vía pública e os elementos desta que se tiveran ensuciado, así como retirarán os materiais vertidos”

Confirmado isto o noso grupo municipal pregunta:

Ten pensado o grupo de goberno seguir ignorando e incumprindo as ordenanzas que eles mesmos aprobaron?

Cando teñen previsto aplicar esta ordenanza en rúas como a rúa Francisco Añón no Temple?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que sempre se lles comunica e esixe o cumprimento cando se trata de desmontes, pero reforzarse o control policial.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA,

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de maio de 2008

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de maio de 2008.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

2º Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2008

Vista a proposta conxunta da concelleira de Cultura e Turismo, e do concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes, de data 17 de xuño actual.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, manifesta que o Sr. Salcines comentara que, basicamente, as cláusulas se corresponden coas anteriores, pero si hai variación significativa dalgunhas cantidades, como as transferencias correntes ás Administracións Públicas, e tamén hai algunha baixa nas entidades culturais e deportivas non lucrativas.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que, con respecto das ANPAS, está pendente un convenio para actividades extraescolares, polo que se reduce unha parte que se incluírá despois no convenio, cre que pode ser iso, porque non lle atopa outra explicación.

En canto ao demais, son pequenos axustes.

A Sra. interventora engade que as diferenzas son moi pequenas, xa que se puxo o do 2007, se hai algunha variación posiblemente se deba a que esa cantidade se puido ter vinculado a algún premio.

A Comisión, en votación ordinaria, por un voto a prol correspondente ao concelleiro do PSdeG-PSOE, e catro abstencións correspondentes aos concelleiros do PP, EU-IU e GM (PG), en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobado as bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2008, que se achegan como anexo I.

Segundo: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, así como darlle publicidade mediante avisos nun dos xornais de maior tirada da provincia e mediante cartas personalizadas a todas as asociacións inscritas no Rexistro Municipal.

3º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos nin preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte e unha horas e quince minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e
Promoción Económica

Presidente da Comisión Informativa de
Ordenación do Territorio, Medio
Ambiente, Obras e Servizos

Francisco Javier Varela Tejedor

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de
Educación, Benestar Social, Cultura,
Normalización Lingüística e
Participación Cidadá

Jaime Manuel López Lisnier

A secretaria

Mª Luisa de la Red Ampudia